

Concello de Covelo

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

OFERTA E SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE DURACIÓN DETERMINADA PARA O PROGRAMA DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL” NOS CONCELLOS.

Este Concello solicitou subvención para a contratación dun traballador en réxime de contrato en prácticas, de conformidade co BOPPO N.º 74 de data 19/04/2022 no que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación dunha persoa a xornada completa en réxime de contrato formativo.

Trátase da contratación en interese do fomento da empregabilidade dos desempregados da Provincia de Pontevedra para un **licenciado/a, grao ou diplomado/a (A1)**.

Neste caso o concello opta por contratar mediante este contrato formativo a un **Arquitecto técnico ou Enxeñeiro de edificacións por un período máximo dun ano a tempo completo**.

Na selección das persoas beneficiarias dos contratos formativos aplicaranse os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade así como os establecidos no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado, de publicidade das convocatorias e das súas bases, transparencia, imparcialidade e profesionalidade dos membros órganos da selección, independencia e discrecionalidade técnica na actuación, adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver, axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección e os demais establecidos na normativa vixente de aplicación.

Ase mesmo, para levar a cabo a selección o concello nomeará o tribunal cualificador, cuxa composición deberá adecuarse aos principios que regulan a constitución e funcionamento dos órganos de selección.

Visto que a Deputación de Pontevedra con data 30/05/2022 publica no BOPPO nº 102 acordo de “APROBACIÓN DA RELACIÓN DE CONCELLOS SELECCIONADOS PARA PARTICIPAR COMO ENTIDADES COLABORADORAS NO PROGRAMA DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL”, e pola que se lle concede a subvención dun traballador ó Concello de Covelo, ó abeiro das citadas Bases, condicionado á existencia de crédito suficiente no Orzamento provincial correspondente.

Visto que no acordo publicado e nas Bases a subvención concedida é para un traballador desempregado que reúnan os requisitos establecidos na base cuarta, por un período dun ano.

Visto que o concello, como entidade colaboradora, será a encargada de levar a cabo a selección e o fará mediante a presentación da correspondente oferta de emprego na oficina do Servizo Público de Emprego correspondente, quen remitirá relación de preseleccionados (un máximo de 5), recaendo a selección no tribunal nomeado ao efecto.


JUAN PABLO CASTILLO AMIGO (1ª parte 2)
ALCALDE-PRESIDENTE
Data de Sinatura: 30/05/2022
HASH: f0a33caaf693811226-036663ae1aa4



María Jesús Rodríguez Frías (2ª parte 2)
SINDICADA-VICEPRESIDENTE
Data de Sinatura: 30/05/2022
HASH: 0106bcd78d84372e0a7d69d4d8ce0f6a



DECRETOS
Número: 2022-0305 Data: 30/05/2022



Cod. Validación: S8Y29CFMZGLXNAW5LFPKJLFDQ | Corrección: https://covelo.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 8

Concello de Covelo

- A praza ofertada terá as seguintes características:

1. Titulación: **Arquitecto técnico ou Enxeñeiro de edificacións.**
2. Tipo de contrato: Contrato formativo
3. Duración: Período máximo de un ano
4. Xornada: Completa de Luns a Venres.
5. Retribucións Salariais (segundo anexo II das Bases publicadas no BOPPO nº 74 de 19/04/2022).

Así, de conformidade co sinalado no artigo 21.1.g) da Lei 7/85, e vista a Fiscalización da Intervención, **RESOLVO:**

1º. Aprobar a correspondente oferta de emprego dunha praza de **Arquitecto técnico ou Enxeñeiro de edificacións** en interese do fomento da empregabilidade dos desempregados da Provincia de Pontevedra, e tendo en conta que só poderán optar a ela os candidatos que previamente remita ó Servizo Público de Emprego de Galicia.

2º. Aprobar os seguintes criterios e procedemento ós que se axustará a selección do posto de traballo mencionados, e tendo en conta a posibilidade de aumentala puntuación segundo o baremo exposto a continuación.

BASE PRIMEIRA: REQUISITOS:

A selección efectuarase entre persoas demandantes de emprego desempregadas ou coa tarxeta de mellora de emprego, inscritas no Servizo Público de Emprego e que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que estean en posesión dunha titulación universitaria ou título de grado medio ou superior de formación profesional ou títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes, de acordo coas leis reguladoras do sistema educativo vixente, que habiliten para o exercicio profesional de **Arquitecto técnico ou Enxeñeiro de edificacións.**

b) Que estean inscritos como demandantes ou en mellora de emprego no Servizo Público de Emprego.

c) Estar empadroados nalgún dos concellos da provincia de Pontevedra con anterioridade á data de publicación da propia convocatoria no BOPPO.

d) Que no momento da contratación non transcorresen máis de tres anos, ou máis de cinco cando o contrato se realice cunha persoa con discapacidade, desde a terminación dos correspondentes estudos.

e) Que non obtivera experiencia profesional ou realizado actividade formativa na mesma actividade dentro da entidade por un tempo superior a tres meses, sen que se computen a estes efectos os períodos de formación ou prácticas que formen parte do currículo esixido para a obtención da titulación que habilita esta contratación.

DECRETOS
Número: 2022-0305 Data: 30/05/2022



Cod. Validación: S6Y29CFMZGLXNVAW5LFPKJLFDQ | Corrección: https://covelo.seoelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 8

Concello de Covelo

f) Que non estean contratadas ou contratados en prácticas no momento da selección nalgún dos programas que contemplan contratos en prácticas ou formativos da Deputación de Pontevedra.

g) Non haber estado contratada na mesma ou distinta entidade en virtude da mesma titulación. Tampouco na mesma entidade para o mesmo ou distinto posto aínda que se trate de titulacións distintas.

BASE SEGUNDA: BAREMACIÓN DE MÉRITOS:

Os méritos que se terán en conta para a praza serán os seguintes:

a) Expediente académico: ata un máximo de 4,00 puntos, segundo a nota media calculada para as titulacións universitarias polo Real decreto 1125/2003, de 5 de setembro, e para os ciclos de formación profesional polo Real decreto 1147/2011, de 29 de xullo. No caso de que a media dalgunha das titulacións convocadas non fose calculada polas normas referidas ou esta non se especifique valorarase con 0,00 puntos.

b) Por ter un doutoramento relacionado co contido do posto: 2,00 puntos.

c) Por cada título oficial de *máster* universitario ou título propio da universidade de *máster* relacionado co contido do posto: 0,50 puntos cada un, ata un máximo de 1 punto.

d) Por posuír unha titulación académica oficial distinta e relacionada co posto de traballo que se vai desempeñar, de nivel igual ou superior á esixida para a formalización do contrato formativo: 0,50 puntos por título, ata un máximo de 1 punto (neste apartado non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que sexan necesarias para a obtención doutras de nivel superior nin as de *máster* ou doutoramento).

e) Por asistir a cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da comunidade autónoma ou da Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai desempeñar (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua): ata un máximo de 2 puntos, que se computarán do seguinte xeito:

- De máis de 150 horas duración: 0,30 puntos por curso
- De entre 100 e 150 horas de duración: 0,25 puntos por curso
- De entre 60 e 99 horas de duración: 0,20 puntos por curso
- De entre 30 e 59 horas de duración: 0,15 puntos por curso
- De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso
- Por acreditar o nivel de coñecemento da lingua galega co Celga 3 nos postos de ciclo superior ou medio ou 4 nos de licenciatura, grao ou diplomatura: 0,50 puntos

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos.

DECRETOS
Número: 2022-0305 Data: 30/05/2022



Cod. Validación: S8Y29CFMZGLXNAW5LFPKJLFDQ | Corrección: <https://covelo.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 8

Concello de Covelo

Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

O tribunal cualificador poderá requirirles ás persoas aspirantes que acrediten a verificación dos extremos recollidos na documentación presentada, ademais de cantas precisións estimen oportunas.

As persoas candidatas que accedan con titulacións de Licenciatura, Arquitectura ou Enxeñería (títulos pre-Boloña) que teñan un certificado da súa correspondencia co nivel 3 MECES (Marco español de cualificación para a educación superior) terán unha puntuación de 0,50 puntos, equivalente a un *máster* universitario.

O enlace á web do Ministerio onde se publica o catálogo de titulacións homologadas ao nivel de *máster* é o seguinte:

<http://www.culturaydeporte.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/educacion/gestionitulos/estudios-universitarios/titulos-espanoles/202058.html>

Nesta fase só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente no prazo establecido establecido na base seguinte.

BASE TERCEIRA: DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes formalizaranse nos modelos que se xuntan a estas bases e **deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Covelo ou a través da de luns a venres: 09:00-14:00 h, e o prazo remata as 14:00 do día 15/06/2022.**

Documentación xeral a presentar:

- Instancia no modelo normalizado que figura como anexo I
- Estar en posesión da titulación de Licenciatura/grao **Arquitecto técnico ou Enxeñeiro de edificacións**
- Copia compulsada do DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade.
- Declaración xurada de cumprir os requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente. (Anexo II)
- Certificado de vida laboral
- Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados en orixinal ou copia compulsada (certificado de expediente académico, títulos, certificados de cursos, etc.)

BASE CUARTA: PROCEDIMIENTO:

Os méritos apreciaranse polo Tribunal polos documentos que verifiquen os méritos susceptibles de baremación.

DECRETOS
Número: 2022-0305 Data: 30/05/2022



Cod. Validación: S6Y29CFMZGLXNAW5LFPKJLFDQ | Corrección: <https://coveloelectronica.es>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 8

Concello de Covelo

Nesta fase só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente antes **das 14:00 horas do día 15/06/2022.**

Aquel ou aquela que obteña a máxima puntuación, logo da valoración dos méritos será proposto para a praza.

No caso de empate entre as puntuacións das persoas aspirantes a orde de prelación determinarase dándolle preferencia á muller naqueles casos en que se produza unha infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos establecidos no artigo 49 do Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. No caso de que o citado precepto non resulte aplicable ou persista o empate tras a súa aplicación, resolverase o empate en función da nota media global do expediente académico e, de persistir este, pola puntuación acadada nos seguintes apartados.

As puntuacións outorgadas publicaranse na sede electrónica ou páxina web do concello xunto coa relación de candidaturas seleccionadas por orde decrecente para cada posto de traballo ofertado, e indicaranse as persoas candidatas seleccionadas e as correspondentes suplentes.

As persoas candidatas poderán formular, ante o tribunal cualificador, as alegacións que estimen oportunas no prazo de dous días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación na sede electrónica ou páxina web.

Examinadas as alegacións presentadas, o tribunal cualificador publicará a relación definitiva de persoas candidatas, por orde de maior a menor puntuación, coa correspondente proposta de contratación baixo a modalidade de contrato formativo, para cada posto de traballo ofertado.

BASE QUINTA: TRIBUNAL AVALIADOR

O Tribunal avaliador estará integrado polos seguintes membros:


- Presidente: A Secretaria-Interventora da Corporación María Jesús Rodríguez Freire ou persoa que legalmente a substitúa.
- Vogal: O Secretario-Interventor do Concello de Mondariz-Balneario Adolfo Castro Carpinteiro, ou persoa que legalmente o substitúa.
- Vogal: A Secretaria-Interventora adxunta do Concello de Soutomaior Elena Reboledo ou persoa que legalmente a substitúa.
- Vogal: A Secretaria-Interventora do Concello de Mondariz Yolanda Ortega Otero, ou persoa que legalmente a substitúa.
- Secretario: O funcionario auxiliar adscrito a secretaría, Luis Carlos López Vázquez ou persoa que legalmente o substitúa.

BASE SEXTA: PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

O aspirante proposto presentará no rexistro do Concello, no prazo de 2 días hábiles contados desde a publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do concello a

DECRETOS

Número: 2022-0305 Data: 30/05/2022



Cod. Validación: S6Y29CFMZGLXNAW5LFPKJLFDQ | Corrección: <https://covelo.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 8

Concello de Covelo

seguinte documentación:

- Copia da tarxeta de desemprego
- Copia da tarxeta da Seguridade Social
- Certificado orixinal da titularidade de conta bancaria

Igualmente deberá acudir, na data e hora que se lle indique, a formalizar a correspondente revisión médica.

DECRETOS

Número: 2022-0305 Data: 30/05/2022



Cod. Validación: S6Y29CFMZGLXNAW5LFPKJLFDQ | Corrección: <https://covelosedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 8

Concello de Covelo

ANEXO I
INSTANCIA SOLICITUDE

Nome e apelidos			
DNI			
Enderezo			
Localidade			
Provincia		Código Postal	
Teléfono			

Decatado/a do posto de traballo que o Concello de Covelo pretende cubrir para:

UNHA PRAZA DE DURACIÓN DETERMINADA PARA O PROGRAMA DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL” NOS CONCELLOS.

DECLARO:

1º Que coñezo na súa integridade as Bases que rexen a convocatoria.

2º Que solicito ser admitido/a a esta selección e comprométome a someterme ás Bases que o regulan.

Xunto coa presente instancia presento a seguinte **Documentación:**


- Instancia no modelo normalizado que figura como anexo I
- Estar en posesión da titulación de Licenciatura/grao **Arquitecto técnico ou Enxeñeiro de edificacións**
- Copia compulsada do DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade.
- Declaración xurada de cumprilos requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente. (Anexo II)
- Certificado da vida laboral.
- Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados en orixinal ou copia compulsada (**Estar en posesión do título universitario de licenciatura ou grao Arquitecto técnico ou Enxeñeiro de edificacións** ou títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes, certificado de expediente académico, títulos, certificados de cursos etc..).

Covelo, _____

Asdo.

DECRETOS

Número: 2022-0305 Data: 30/05/2022



Cod. Validación: 58Y29CFMZGLXNAY5LFPKJLFDQ | Corrección: https://covelo.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 8

Concello de Covelo

ANEXO II
DECLARACIÓN RESPONSABLE

Nome e apelidos			
DNI			
Enderezo			
Localidade			
Provincia		Código Postal	
Teléfono			

DECLARO:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico-psíquico que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, non estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

No caso de ter nacionalidade doutro Estado, declaro igualmente que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente, que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

Covelo, _____

Asdo.

Covelo, na data sinalada á marxe

O ALCALDE
Asdo.: Juan Pablo Castillo Amigo

A SECRETARIA
Asdo.: María Jesús Rodríguez Freire

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

